

Anxo Ramón Calvo Silvosa

A Coruña, 1967

Desde 1996 é profesor titular de Universidade pertencente á área de Economía Financeira e Contabilidade. Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais pola UDC (1995), licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais (Empresariais) pola USC (1990) e diplomado en Ciencias Empresariais pola USC (1988).

Comezou a súa actividade académica na Universidade da Coruña en 1991 e desde esta data estivo ligado a esta institución. Nela, foi vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica (2004-2005) e decano da Facultade de Economía e Empresa (2011-2019), así como membro do Claustro Universitario e do Consello de Goberno. Até decembro de 2021 foi o coordinador do Grupo de Investigación en Regulación, Economía e Finanzas.

Desde 2005 a 2009, foi director xeral de Industria, Enerxía e Minas na Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. En representación do Goberno Galego, pertenceu a consellos de administración de varias empresas con participación da Xunta de Galicia (Sogama, Reganosa, Gas Galicia) así como a padroados de fundacións vinculadas ao sector mineiro.

Membro do Colexio de Economistas da Coruña, da Asociación Española de Contabilidad y Administración de Empresas (AECA), Asociación Europea de Dirección y Economía de la Empresa (AEDEM) y Asociación Española para la Economía Energética.

Desde o 1 de febreiro de 2022, é membro do Consello de Contas de Galicia.

Investigación

Como membro do Grupo de Investigación en Economía, Regulación e Finanzas (GREFIN), enfocou a súa actividade investigadora desde 2009 ao estudo das relacións existentes dentro do sector enerxético entre regulación, investimentos e xeración de valor.

Docencia

Procede sinalar que, desde o curso 2015/2016 até o presente, este exerceu docencia nas seguintes titulacións oficiais na Universidade da Coruña:

- Contabilidade Superior II (Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas);
- Dirección Financeira, Dirección Xeral, e Talleres de Directivos (Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas);
- Política Enerxética e Análise de Investimentos (Máster Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético);
- Xestión Integral de Proxectos Públicos (Máster Universitario en Economía);
- Valoración Financeira (Máster Universitario en Banca e Finanzas);
- Especialidade: Dereito Ambiental e Lexislación Sectorial e Clínica Ambiental (Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial);
- Planificación Financeira (Grao en ADE);
- Taller 1: Plan de Empresa de Moda (Grao en Xestión Industrial da Moda);
- TFGs e TFM's nas ditas titulacións.

Das materias sinaladas, cómpre subliñar que o eixe da docencia impartida foi a Planificación Financeira, disciplina onde se conxugan aspectos esenciais das finanzas corporativas, sistema de información contable, estratexia empresarial e control da xestión.

Tamén cómpre salientar a vocación internacional do asinante ao impartir clases en universidades de Alemaña, Irlanda, Gales e Polonia no ámbito da Economía Financeira da Empresa e da valoración de proxectos. Foi profesor convidado na Hochschule Pforzheim no curso 2019/2020.

Participou en cursos impartidos na EGAP e no plan de formación para persoal de concellos da Deputación da Coruña.

Transferencia

Desenvolveu actividade de transferencia de coñecemento realizada a través de proxectos e, sobre todo, contratos Art. 83 canalizados a través da OTRI e da Fundación Universidade da Coruña con empresas e institucións públicas.